

CONCURSO DE RELATOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

"Doulle voz ás silenciadas"


Trinta e sete mulleres foron asasinadas no que vai de ano polas súas parellas ou exparellas. As noticias ás veces dinnos o seu nome, ás veces non; pasan a ser un número máis, unha última sen rostro, sen vida.


Nos nosos relatos imos honrar estas mulleres, facéndoas visibles, lembrando que tiñan persoas queridas, ilusión, desexos, preocupacións, familia... lembrando que tiñan rostro e que estaban vivas.

Lemos o texto coas breves noticias que reflicten os asasinatos e escollemos unha desas mulleres para sermos a súa voz.

Destacamos o seu nome, ou se non aparece, poñémolle nós un nome, que será o título do relato. Logo contamos quen era, que lle gustaba, que facía, a quen amaba. Imaxinamos a súa historia, imaxinámola viva. E falamos por ela, en primeira persoa ou acompañándoa como unha voz amiga.

O relato terá un mínimo de 200 palabras e un máximo de 300. Presentarase nun documento de texto (word, oda, pdf...) e enviarase ao correo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega até o 25 de novembro: equipoedlproval@gmail.com


 **So 14 ao 25 de novembro**



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA,
DPTO. GALEGO E EQUIPO DE IGUALDADE